ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO XOVES 28 DE SETEMBRO DE 2023

No Salón de Sesións da Casa do Concello, ás 20:00 horas do xoves 28 de setembro de 2023 ten lugar a sesión Ordinaria, en Primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa, Dª. Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):
D.ª Patricia María Vázquez Figueroa (voceira)
D.ª María Begoña Calviño Dorado
D. José Ramón Lorenzo Carou

Grupo municipal do Partido Popular (PP)
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo
Dª. María Arca Nieto

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños (AV)
D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)
Dª. María Pilar Barja Val
D. Pablo Santiso Vázquez

Grupo Mixto
D. David Carro Temprano (voceiro)
Dª. Tania Golpe Pérez

Non asiste a Sra. concelleira Dª. Alicia María Souto Ramos, do grupo municipal do Partido Popular.

Foron asistidos pola interventora municipal, Dª. Laura Gutiérrez Ortiz e pola secretaria accidental, Dª. Aurelia María Basanta García.

Aberta a sesión, os/as asistentes pasaron a estudar os asuntos incluídos na
ORDE DO DÍA:

1. DISTINCIÓNS HONORÍFICAS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (CENTRO SOCIAL DE CORTIÑÁN)
2. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE XOAN VICENTE VIQUEIRA E OUTROS AUTORES
3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE SANEAMENTO NA FRAGA (CORTIÑÁN)
4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE LIMPEZA E SANEAMENTO DOS CAUCES DOS RÍOS MAIOR E CALLOU
5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE RETRANQUEO DE ARBORADO NAS ESTRADAS DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
6. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS
7. MOCIÓNS URXENTES
8. ROGOS E PREGUNTAS

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. DISTINCIÓN HONORÍFICA DO CENTRO SOCIAL DE CORTIÑÁN. EXPEDIENTE. 2023/X998/000049

Dáse conta da moción proposta ditaminada favorablemente, por unanimidade de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza de 25 de setembro de 2023, que transcrita literalmente di:

«O Regulamento especial de honras, distincións e nomeamentos do Concello de Bergondo, publicado no BOP núm. 70 do 26.03.2007, recolle no seu artigo 19, que o Pleno da Corporación poderá designar unha vía pública, complexo urbano, ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada ao pobo de Bergondo, a fin de recoñecerlle especiais merecementos ou servicios extraordinarios.

O trámite recollido no citado regulamento é o contido nos artigos 20 e seguintes do devandito regulamento. Indica que se iniciará por resolución da alcaldía, que nomerá un instructor e logo éste un secretario. Dado que este proceso estivo impulsado pola Concellería de Servizos Sociais, asumiu esta alcaldía a fase instrutora.

Consta incorporado ao expediente un informe xustificativo emitido pola técnica en integración social municipal, no que se propón o renomeamento do Centro social de Cortiñán a partir dos resultados do proceso de investigación comunitaria "Bergondo en feminino 2023". Este proxecto foi impulsado pola Concellería de Servizos Sociais e comezou a súa andadura no ano 2019. Despois de varios meses de traballo investigativo, renomeáronse varios equipamentos municipais en lembranza e recoñecemento á historia das mulleres do municipio, estes foron:

- *Centro Social de Fiobre, Filomena Dato Muruais.*
- *Centro Social de Guísamo, Mª de los Dolores Miramontes Matos.*
- *Casa da Mocidade Jacinta Landa Vaz.*
- *Centro Social de Lubre, María Fernández Sánchez "Maruxa do Chelo".*
- *Salón de actos da Casa da Cultura, Mercedes Núñez Targa.*
- *Centro Social de Vixoi, Luísa Viqueira Landa.*
- *Centro Social de Santa Marta de Babío, Xabiela Fraga Sánchez.*
- *Centro Social de Ouces, Antonia Pato Pardo.*

Coa intención de seguir avanzando neste proxecto e continuar a divulgación do rico material xerado ao longo das investigacións, de moito valor social para os veciños e veciñas de Bergondo, este ano 2023 identificamos a historia das mulleres do municipio, entre elas a de Josefa Crespo Veiga "Fina a costureira", muller recoñecida por ter desenvolvido un oficio tradicionalmente vinculado coas mulleres e que contou con pouca visibilidade na sociedade: o de costureira. Bergondo en feminino debe visibilizar a súa historia por ter desenvolvido e ensinado un oficio valioso e tradicionalmente feminizado, e pola súa capacidade para xerar comunidade e alegría ao seu redor

No uso das atribucións legalmente conferidas, pola presente, propoño á comisión informativa de asunto do pleno, que ditamine favorablemente a seguinte proposta de acordo:

***ÚNICO.** Renomear a seguinte instalación municipal:*

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. Centro Social de Cortiñán Josefa Crespo Veiga "Fina a costureira"

Ao abeiro do disposto no artigo 19 do Regulamento especial de honras, distincións e nomeamentos do Concello de Bergondo.

Bergondo 19 de setembro de 2023

A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez»

O sr. Fafián Torreiro comenta que é unha boa nova para o Concello e interesa que se siga recoñecendo a outras persoas e noutros espazos.

A sra. Alcaldesa recorda que o programa "Bergondo en feminino" permitiu levar a cabo isto e seguirá adiante. Recolle a proposta do sr. Fafián Torreiro.

O sr. Carro Temprano comenta que é acertado. Anuncia o seu voto favorable.

O sr. Fariña Pedreira comenta que non ten nada que engadir.

Tras a correspondente deliberación e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal socialista: catro (4) votos a favor; grupo municipal do PP: tres (3) votos a favor; grupo municipal de AV: tres (3) votos a favor; grupo municipal do BNG: dous (2) votos a favor. Total: doce (12) votos a favor

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase aprobado por unanimidade de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

2. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE XOAN VICENTE VIQUEIRA E OUTROS AUTORES
EXPEDIENTE. 2023/G006/000276
Dáse conta da moción emendada ditaminada favorablemente, por unanimidade de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza de 25 de setembro de 2023 e convertida en Declaración institucional, que transcrita literalmente di:

«EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xoán Vicente Viqueira, residente na Quinta Cortón, na parroquia de Vixoi, foi un recoñecido e destacado persoeiro da súa época que centrou as súas investigacións no pensamento filosófico e no progreso da educación. Era neto doutro importante persoeiro, Xosé Pascual López Cortón, mecenas da cultura galega, patrocinador dos Xogos Florais da Coruña de 1863 e editor da Antoloxía poética titulada "Album de la Caridad".

Logo dunha escolarización inicial en Betanzos pasou a estudar en Madrid na Institución Libre de Enseñanza, o que o puxo en contacto co pensamento científico moderno e coñeceu destacados humanistas que pasaron por Bergondo, como Bartolomé Cossio, tío de Viqueira e un dos impulsores da ILE, ou Giner de

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

los Rios e outros intelectuais, escritores ou artistas de renome que foron unha gran influencia para el.

A súa ampla obra versa sobre filosofía, psicoloxía ou pedagoxía, pero sobre todo sobre o sistema educativo, defendendo a súa galeguización, a súa reforma e a plena incorporación da muller. Tamén promoveu na ortografía do galego un achegamento ortográfico do galego ao portugués.

Por todos estes feitos, en 1974 dedicóuselle o Día das Letras Galegas, xa que Viqueira participara moi activamente na cultura galega nos anos 20 e foi autor de importantes escritos e poesías.

Por desgraza, Viqueira faleceu moi novo en Bergondo, con tan só 38 anos, logo dunha enfermidade que dende os 15 anos lle fixo viaxar arreo en busca de cura; e aproveitou sempre esas viaxes para ampliar coñecementos, por exemplo en París ou Berlín. Iso non impediu que tivese tempo de destacar, colaborando co xornal A Nosa Terra ou chegando a presidir as Irmandades da Fala da Coruña, logo de doutorarse e aprobar a Cátedra de Psicoloxía, Lóxica e Ética.

A pesar de que se teñen levado a cabo ao longo do tempo diversas accións sobre a súa vida e obra promovidas polo Concello, asociacións, ou outras administracións, cando se cumpre o centenario do seu pasamento o próximo 2024, (concretamente o 29 de agosto), a súa figura debe ser posta máis en valor para conmemorarmos desta data.

Asemade, nos vindeiros anos, cumprirase o centenario do falecemento de varios/as autores relacionados con Bergondo, tales coma Florencia Vaamonde Lores, Filomena Dato Muruais, e Alejandro Pérez Lugin , e para instar a difusión da súa obra mediante actos e actividades proponse que o ano 2025 se adique ao primeiro e o ano 2026 os dous últimos, polo que proponse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo

1.- Declarar o 2024 como "Ano de Xoán Vicente Viqueira", o ano 2025 como "Ano de Florencio Vaamonde Lores" e o ano 2026 coma "Ano de Filomena Dato Muruais e Alejandro Perez Lugin " difundir a súa obra e legado mediante actos ou actividades a celebrar ao longo de todo o ano, implicando neste cometido á comunidade educativa de Bergondo, asociacións culturais locais, comarcais ou de calquera outra índole que poidan estar interesadas en participar.

2.- Trasladar o presente acordo a outras administracións solicitando a súa colaboración no mesmo.

3.- Facultar á Alcaldía e concelleira/o en quen delegue, a tomar cantas medidas sexan necesarias para cumprir este acordo».

A sra. Alcaldesa comenta que esta declaración institucional partiu dunha moción do BNG presentada en Comisión á que se lle engadiron os acordos do ano 2025 e 2026. Por unha cuestión de formalidade sométese a votación.

Sometido o ditame emendado a votación obtivo o seguinte resultado: grupo municipal socialista: catro (4) votos a favor; grupo municipal do PP: tres (3) votos a favor; grupo municipal de AV: tres (3) votos a favor; grupo municipal do BNG: dous (2) votos a favor. Total: doce (12) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. Alcaldesa declárase aprobado, por unanimidade de votos a favor, o ditame que devén en declaración institucional nos termos antes transcritos.

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE SANEAMENTO NA FRAGA (CORTIÑÁN)
EXPEDIENTE: 2023/G006/000277

Dáse conta da moción ditaminada desfavorablemente, por maioría de votos en contra, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza de 25 de setembro de 2023, que transcrita literalmente di:

«David Carro Temprano, en calidade de concelleiro portavoz do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Bergondo, propón ao Pleno para a súa aprobación a seguinte moción sobre "Saneamento na Fraga - Cortiñán"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O capítulo III do título II da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local establece as competencias dos concellos, entre as que se atopan a evacuación e o tratamento das augas residuais, en particular, entre outras, a prestación do servizo, planificación da rede municipal, ou a construcción da rede municipal de alcantarillado e o seu mantemento, sendo este un dos servizos básicos e principais a servir polos concellos. Este servizo é, ademáis, de máxima importancia dende o punto de vista medioambiental, para evitar posibles episodios de contaminación.

A zona da Fraga, na parroquia de Cortiñán, a pesar de ser unha das zonas eminentemente urbanas do noso concello, e de ter un núcleo bastante ben definido e concentrado, axudando deste xetio a cumplir o principio de sostenibilidade económico financieiro do servizo, carece hoxe en día deste servizo tan básico como o saneamento, algo do que poderían beneficiarse aproximadamente unhas 20 vivendas e algún negocio, a maioria colindantes coa estrada xeral N-VI.

Isto supón un trastorno para a veciñanza residente na mencionada zona xa que teñen que realizar de xeito continuo o valeirado de fosas septicas das vivendas, o que lles supón ademáis un alto custe, en algún caso arredor de 100€/mensuais, algo trasladable a outras zonas do noso termino municipal.

Por outra banda, o Goberno do Estado aprobaba provisionalmente en febreiro deste ano o proxecto de reordenanción de accesos da estrada N-VI que transcorre pola zona antes mencionada. Deste xeito, podería aproveitarse a execución destas obras para coordinadamente, coa colaboración entre administracións, levar

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a cabo tamén a extensión da rede de saneamento a esta zona, reducindo así o coste da mesma e optimizando recursos.

Por todo o exposto, o BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar ao Goberno Local a dar os pasos necesarios para dotar a zona da Fraga, na parroquia de Cortiñán, do servizo municipal de saneamento.

2.- Instar ao Goberno Local a abrir negociacións co Goberno do Estado para coordinar a execución das futuras obras de ser viable.

3.- Instar ao Goberno Local a encargarse da xestión e organización do baleirado de fosas sépticas para as vivendas que non desfruten do servizo de saneamento municipal, así como contribuír a redución no coste subvencionando unha parte deste, ou algún baleirado gratuíto anual, entendendo a medida como temporal, sen que sirva para deixar de extender a rede de saneamento a totalidade do concello, sendo esta sempre a prioridade.

4.- Facultar á Alcaldía e concelleira/o en quen delegue a tomar cantas medidas sexan necesarias para cumprir este acordo.

Bergondo, 19 de setembro de 2023»

A sra. Alcaldesa manifesta que na Fraga si hai saneamento, ainda que non en toda a zona. Comenta que, en efecto, é unha competencia municipal pero na que tamén interveñen outras administracións. Tamén é necesario tratar este tema co Concello de Betanzos porque agora o saneamento da Fraga vai á súa depuradora. Non existe aínda un proxecto porque non depende unicamente do Concello. Sobre a coordinación da execución dependerá de si o trazado vai por onde se están a desenvolver as obras. Respecto do baleirado das fosas sépticas, non se contempla que teña que ser o Concello. Non se pode obrigar á veciñanza a chamar á empresa concesionaria do ciclo da auga. Finalmente, sobre a extensión da rede de saneamento débese facer ao máximo territorio do Concello, pero non a todo porque non é posible.

O sr. Carro Temprano manifesta que se refiren aos núcleos, non a todo o Concello.

O sr. Fafián Torreiro comenta que lle parece unha proposta razoable e mostra a súa estrañeza porque non haxa un proxecto se se prevé proximamente a presentación do PXOM. Manifesta que o seu voto será favorable.

O sr. Fariña Pedreira comparte a idea de estender o saneamento aos máximos lugares e para iso hai proxectos en marcha. Sobre a Fraga comenta que antes de ter un proxecto hai que resolver cuestións como a depuradora, o polígono e outras. Non se opoñen ao saneamento pero si ao que considera unha moción innecesaria. Manifesta que votará en contra.

Tras a correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal socialista: catro (4) votos en contra; grupo municipal do PP: tres (3)

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

votos a favor; grupo municipal de AV: tres (3) votos en contra; grupo municipal do BNG: dous (2) votos a favor. Total: cinco (5) votos a favor e sete (7) en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase rexeitado, por maioría de votos en contra, o ditame transcrito.

4. MOCIÓN PARA LIMPIEZA Y SANEAMIENTO DE LOS CAUCES DE LOS RIOS MAYOR Y CALLOU
EXPEDIENTE: 2023/G006/000282

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza de 25 de setembro de 2023, que transcrita literalmente di:

«El Grupo Municipal Popular del Ayuntamiento de Bergondo conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
Bergondo tiene dos ríos que soportan una gran cantidad de aguas sucias, demasiadas veces con contaminación cruzada de la acumulada recogida por los Polígonos de Betanzos como es el rio Callou así como el de Bergondo como sucede al rio Mayor de Lubre.

Son continuos los vertidos en estos dos cauces, debido a la presión industrial y la gran superficie consolidada que recoge más cantidad de agua de la que los cauces pueden soportar en algunos tramos, lo que se hace más notable en los márgenes de los ríos cuando llueve con el depósito de toallitas, lodo, fango y más residuos industriales como aceites, ocasionando malos olores como se ha denunciado en multitud de ocasiones por los vecinos de Lubre (sobre todo) y por este Grupo Municipal.

Además, los márgenes de estos ríos tienen innumerables restos de ramas y árboles que deberían ser retirados para evitar que se horaden en demasía los cauces y mantener los ríos limpios, algo que se hace patente no sólo en el rio Mayor de Lubre sino también en el de Callou que soporta un paseo de gran belleza cautivo por el estado actual que estamos poniendo de manifiesto.

PROPUESTA DE ACUERDO

1º Instar a Aguas de Galicia a la limpieza de los cauces, tanto la maleza y el fango acumulado como los restos de residuos de origen humano como toallitas y restos industriales.

2º Pedir al ayuntamiento que se sume en lo que sea necesario para la limpieza de los tramos urbanos de los ríos Callou y Mayor.

3º Facultar a la alcaldesa de Bergondo para que esta Moción se ejecute en tiempo y forma.

En BERGONDO, a 22 de septiembre 2023.
EL PORTAVOZ DEL GRUPO MUNICIPAL PP BERGONDO»

A sra. Alcaldesa manifesta que non está de acordo coa exposición de motivos. Indica que puntualmente os controis poden dar problemas pero non é o habitual. En Comisión xa se manifestou que instar a Augas de

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Galicia para a limpeza é inviable porque aos catro meses estaría igual porque non se segue facendo. Indica que votará en contra por non estar a favor da exposición de motivos, aínda que si do acordo.

O sr. Carro Temprano está de acordo con que os ríos teñen que ter un mantemento e control axeitado e os da proposta soportan unha grande presión industrial e deben ter un maior control. Indica que votarán a favor.

A sra. Alcaldesa recorda que se dixo en Comisión que se fixera había uns anos pero que o comentario de responsables de Augas de Galicia foi que era inviable porque non se continuaba.

O sr. Fariña Pedreira recorda que a limpeza se fixo anos atrás e foi executada pola empresa Eulen. De outra banda, con motivo dunha inspección do plan de control de verquidos, solicitouse a limpeza dun treito do río, de 100 metros aproximadamente, e tras dous anos segue igual. Manifesta que está de acordo coa petición, pero non co ton tremendista da exposición de motivos, polo que se absterán.

Tras a correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal socialista: catro (4) abstencións; grupo municipal do PP: tres (3) votos a favor; grupo municipal de AV: tres (3) abstencións; grupo municipal do BNG: dous (2) votos a favor. Total: cinco (5) votos a favor e sete (7) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase aprobado, por maioría de votos a favor, o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE RETRANQUEO DE ARBOLADO EN LAS CARRETERAS DEPENDIENTES DE LA DIPUTACIÓN DE A CORUÑA
EXPEDIENTE: 2023/G006/000281

Dáse conta da moción emendada, ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 25 de setembro de 2023 que, transcrita literalmente, di:

«El Grupo Municipal Popular del Ayuntamiento de Bergondo conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En Bergondo se está haciendo un gran esfuerzo y labor por ordenar la plantación de árboles sobre todo especies como pinos y eucaliptos lindantes con las vías municipales en zonas de alto riesgo de incendios para evitar propagar el fuego que además libera de presión líneas de primera necesidad como son las de energía eléctrica y telefonía.

Con esta medida se está consiguiendo una mejora también de la visibilidad pero aún debería extenderse a todas las vías públicas del ayuntamiento de Bergondo.

A lo largo de las vías dependientes de la Diputación de A coruña, además de soportar más tráfico, es por donde suelen llevarse los trazados de las líneas principales de energía y telefonía.

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En las vías DP801, 802, 803, 804, 808, 810, 811, 812 y 813, que transcurren por nuestro municipio tenemos demasiada masa forestal, sobre todo de eucaliptos que no cumplen con los retranqueos establecidos en la ley, que además están encima del cableado eléctrico o de telefonía y que dificultan la visibilidad en días complicados de mal tiempo, por no recordar las incidencias de caída de ramas a la vía o alguno de ellos.

PROPUESTA DE ACUERDO

1º Instar a la Diputación de A Coruña, a la Xunta de Galicia y al Ministerio de Fomento a cumplir y hacer cumplir con los retranqueos de los árboles sobre las vías de su titularidad.

2º Facultar a la señora Alcaldesa de Bergondo para que esta moción se ejecute en tiempo y forma.

En BERGONDO, a 22 de septiembre 2023.

EL PORTAVOZ DEL GRUPO MUNICIPAL PP BERGONDO».

A sra. Alcaldesa indica que, tras a modificación efectuada en Comisiónm votarán a favor. Matiza que a maior parte se encontran en propiedades privadas e xa se insta aos propietarios a que limpen.

O sr. Carro Temprano indica que hai tempo o seu grupo xa presentara unha moción para o cambio de modelo forestal e que este tema se podería incluír nese aspecto. Esta moción parécere axeitada e indica o voto favorable.

O sr. Fariña Pedreira manifesta que está a favor da modificación en Comisión e votarán a favor. Matiza que o retranqueo debe facerse considerando a normativa de incendios. Debería exisitr unha maior colaboración entre administracións.

Tras a correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal socialista: catro (4) votos a favor; grupo municipal do PP: tres (3) votos a favor; grupo municipal de AV: tres (3) votos a favor; grupo municipal do BNG: dous (2) votos a favor. Total: doce (12) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. Alcaldesa declárase aprobado, por unanimidade de votos a favor, o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

6. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS

A continuación pola sra. Alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de organización e funcionamento das Entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas dende o 24 de xullo de 2023 ao 25 de setembro de 2023, ámbolos dous incluídos, numerados do 846/2023 do 24 de xullo de 2023 ao 1061/2023 do 25 de setembro de 2023.

7. MOCIÓNS URXENTES

Non se presentan

8. ROGOS E PREGUNTAS

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A continuación pola Sra. Alcaldesa ábrese a quenda de intervencións para os rogos e preguntas.

Os rogos e preguntas presentadas polo Grupo municipal do PP a través de Sede Electrónica do Concello, o día 25 de setembro de 2023, con números de rexistro de entrada 202399900003669 e 202399900003670, foron as seguintes:

1.- ¿Por qué se tarda tanto en sustituir los contenedores de basura rotos? ¿Por qué motivo siguen dos meses después sin reponer los contenedores de A Pedrosa cuando lo hemos notificado en Julio?

2.- ¿Para cuándo está previsto el asfaltado de Cortiñán de abaixo y los restantes correspondientes a los aprobados en diferentes POS?.

3.- La carretera de Foro presenta un estado de abandono, desde baches de profundidad exagerada hasta ramas que invaden esta carretera municipal. ¿Por qué se encuentra en un estado tan deplorable cuando hay vecinos que la utilizan a diario? ¿Pueden repararla?.

4.- Los eucaliptos del Castro de Carrio sus propietarios fueron notificados con amenaza de sanción pero sólo unos pocos los cortaron y la mayoría, como se puede apreciar, están sin cortar ¿Cuál es el motivo? ¿Se está sancionando realmente?.

5.- La franja secundaria que rodea el Polígono Industrial de Bergondo está a monte… con los eucaliptos y maleza a las puertas de las naves industriales y sin cumplir la ley de incendios, ¿Se requirió a los propietarios para la limpieza y adecuación a la normativa? ¿Cuándo? ¿Se sancionó a los infractores?.

6.- Las parcelas del Polígono de propiedad municipal siguen sin limpiar, ¿Cuándo tiene previsto cumplir con la Ley de incendios?.

7.-En el mes de Febrero de este año La Xunta sancionó a Bergondo por un vertido provocado por un fallo en la depuradora del Polígono. La sanción inicial ascendía a 15.000 euros y Augas la dejó en 5.000 tras las alegaciones del Concello y emprensa. La alcaldesa admitió la necesidad de mejoras en la EDAR y su socio defendió su funcionamiento, ¿Se abonó la multa? ¿Qué importe se repercutió a la empresa concesionaria? ¿Qué importe pagó el Concello?.

¿Qué medidas y qué presupuesto será necesario para acometer las mejoras en la EDAR?.

8.- La rejilla del Polígono, ¿por qué se trasladó del punto inicialmente replanteada, cuál fue el motivo? ¿Y cuál fue la razón del retraso en la ejecución?.

¿Podemos tener acceso al proyecto?.

9.- Desde hace años las parcelas de Covas números 02,03, 04 y 05 que lindan con la carretera que va desde Miodelo al citado lugar, tienen maleza de más de dos metros y ello provoca la presencia de roedores y la alarma de los vecinos. ¿Han sido localizados y notificados sus titulares? ¿En qué estado se encuentran los expedientes? ¿Por qué no han procedido con la ejecución subsidiaria después de tantos años?

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. RUEGO - Rogamos insten a los propietarios de la finca colindante al número 56, carretera de Fiobre al cementerio las zarzas llegan a dentro de su finca

A continuación, os rogos e preguntas presentados polo Grupo municipal do BNG, a través da Sede Electrónica do Concello, o día 26 de setembro de 2023, con número de rexistro de entrada 202399900003677, foron os seguintes:

1.- ¿En que estado se atopa a elaboración do plan municipal de igualdade?

2.- A última edición do Guisamo Folck contou coa colaboración, entre outros, da Deputación da Coruña, ¿porque non contou tamén co da Xunta de Galicia cando pretende ser un evento de relevancia, e si apoia outros?

3.- ¿Que plan ten o Goberno Local para mellorar o servizo de Policía Local e que non se volva a producir o acaecido o pasado agosto cando o mesmo quedou “en cadro”?

4.- ¿Que vai supoñer para o concello e para as empresas o plan ambiental especifico anunciado pola Reserva da Biosfera para o proximo ano?

5.- Fai 3 anos, dende o BNG propuxemos un plan de accesibilidade universal encamiñado a eliminar barreiras arquitectónicas e a implantación dun sistema de accesibilidade cognitiva, proposta rexeitada polo Goberno Local “máis partidarios da execución e non da elaboración do plan”, ¿cantas accións e cales,

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

encamiñadas a este cometido se realizaron dende aquela?

6.- Veciñanza de Miodelo trasladounos o seu malestar pola ocupación do coñecido como camiño a Pisón cunha estrutura metálica que imposibilita o uso para acceder as fincas, limpalas en condicións, e a limpeza do propio camiño. Aseguran que leva así arredor de 4 anos, nos que trasladaron a problemática en varias ocasións sen solución polo momento, ¿ten o Goberno Local iniciado algún trámite para poder solucionar esta problemática?

7.- Recollemos queixas da veciñanza tales como persoas que levan máis dun ano agardando por unha licencia para unha piscina, ou varias que levan agardando 3 anos por licencias de diversa tipoloxía. ¿Cantas licencias hai a espera de resolver a día de hoxe? ¿Cal é o prazo medio de concesión das mesmas? ¿Que ten previsto o Goberno Local para solucionar esta problemática e reducir tempos, que fan que a actividade se ralentice no noso Concello?

8.- A respecto do inicio de curso escolar e as obras que se están executando da area deportiva da Senra:

- O CPI Cruz do Sar continua coa praza de conserxería sen cubrir como se tiñan comprometido para o inicio do curso escolar ¿canto se vai demorar?

- A comezo de curso produciuse un incidente a entrada do CPI Cruz do Sar cun portalón ¿poderían explicarnos porque se produciu e se tomaron algunha medida ao respecto?

- As obras da nova area deportiva da Senra, ¿cal é o prazo previsto de finalización das mesmas?¿Mantense o inicial?

- Co inicio das obras da area deportiva da Senra creouse un aparcamento nas proximidades. ¿Hai algún acordo coa propiedade para que este poida perdurar no tempo ou é so provisional?

9.- A web municipal non esta actualizada na súa totalidade, falta información da nova Corporación, actas de plenos nas dúas versións (ano e medio), tamén na canle de youtube con bastante retraso, ... ¿Cando esta previsto ter actualizada toda a información?

1.- ROGO. Se reparen o barco (xa trasladado noutra ocasión), e o tren de xogo da praia do Pedrido, deteriorados co paso do tempo e que en algún punto poden ser perigosos.

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2.- ROGO. Se repare o vial de Miodelo contiguo a ponte da autopista AP9, presenta un mal estado do firme en varios puntos.

3.- ROGO. Se repare o mobiliario contiguo a polideportiva de Guísamo (mesas con banco que desestabilizadas).

Esta acta foi gravada con vídeo. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000011 a dita gravación en formato mp4. A pegada dixital desta gravación de vídeo é a seguinte:

50E65274766B03F1AC6DC125E5CEA562B2CAC6B5E20FE8B2086582BFE8994699h

Esta acta foi gravada con audio. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000011 a dita gravación en formato mp3. A pegada dixital desta gravación de audio é a seguinte:

E2F6AEF832DAA9189E0FFF451EEDF92F1999B5E27647ED1B0C94DB233D870204h

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta Autofirma.

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as 21 horas e 45 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria accidental, que dá fe.

A secretaria accidental,
Aurelia María Basanta García

A alcaldesa,
Alejandra Pérez Máquez

CVD: i/a/1wxrKPAUwCCt1fWC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.